



NORMAS DE USO DOS LOCAIS MUNICIPAIS DE ENSAIO

Artigo I. Obxecto.

As presentes normas teñen por obxecto establecer as condicións de uso das instalacións e do material dos Locais Municipais de Música para a Mocidade de Monforte de Lemos.

O Departamento de Xuventude deste Concello pon a disposición dos grupos musicais da cidade, un equipamento municipal ubicado no edificio Multiusos co obxectivo de:

- Fomentar a práctica musical dos mozos/as de Monforte de Lemos dotándoos dos recursos profesionais e técnicos necesarios.
- Contribuír a unha maior formación musical e técnica dos grupos que fan uso deste equipamento, mediante o deseño de accións formativas relacionadas con esta disciplina.
- Crear unha plataforma de encontro da mocidade para o intercambio de experiencias musicais.
- Organizar eventos que sirvan para fortalecer entre a mocidade a conciencia de seu, e difundir entre a cidadanía os aspectos positivos de cultura musical da xente nova.
- Promover un ocio xuvenil máis creativo e menos consumista, ampliando a oferta de actividades e facilitando a súa accesibilidade para o sector xuvenil.

Artigo II. Presentación das solicitudes.

Poderán presentar solicitudes para o uso dos citados locais, aquelas persoas que en representación dun colectivo musical, con membros empadroados neste concello, precisen dun local para realizar os seus ensaios.

As solicitudes presentaranse en instancia formalizada a recoller no Departamento Xuventude perante o Rexistro Xeral do Concello de Monforte de Lemos, ubicado no Campo de San Antonio, s/n desta cidade.

Artigo III. Valoración das solicitudes e criterios de autorización de uso.

- a) Priorizaranse as solicitudes de reserva mensual de 8 horas (2 horas a semana) do equipamento. No caso de necesitarse máis tempo, poderán solicitar por escrito ante o Departamento de Xuventude ampliación do horario e o uso puntual das instalacións.
- b) equipamento acollerá aos grupos con membros empadroados no Concello de Monforte de Lemos (consideraranse grupos deste Concello, os que máis do 75% dos seus compoñentes sexan de Monforte ou estean inscritos no rexistro municipal como agrupación do Concello).
- c) Mensualmente revisárense os horarios e no caso de ser necesario, reestruturarase o calendario en función de novas solicitudes e dos horarios dispoñible.
- d) Entregaranse ás persoas solicitantes unha autorización do uso das instalacións indicadas, na que figurará o nome do solicitante, o seu DNI, relación de membros que compoñen o grupo, e os días e horas nas que está autorizado ao uso dos locais e sala a utilizar.

Artigo IV. Procedemento para o acceso ás instalacións.

- a) Para ter acceso á instalación no horario establecido, a persoa representante do grupo deberá ter dispoñible o documento de autorización a que se refire o apartado (d) do artigo anterior, e dirixirse ao responsable do local de ensaio, quen lle facilitará as chaves de acceso ás instalacións asignadas, e rexistrará a súa entrada e saída nun parte de asistencia. A non presentación deste documento, invalidará a autorización para o uso do local.



A primeira visita ás instalacións será realizada coa supervisión de responsables do Departamento de Xuventude, co obxecto de facilitar o acceso ás instalacións e a correspondente presentación do persoal responsable.

- b) O uso da instalación implicará a aceptación das normas básicas que se achegarán.
- c) Antes do inicio de cada sesión de ensaio, comprobarase o estado do local e do material, notificando calquera desperfecto mediante o parte de incidencias de obrigatorio cumprimento. O responsable asignado deberá poñelo en coñecemento do Departamento de Xuventude a maior brevidade posible, deixando constancia escrita.
- d) Cada solicitante responsabilizarase da limpeza básica das instalacións que se lle autorice a usar, debendo deixar os locais nas mesmas condicións de limpeza nas que estaba á súa chegada.

Artigo V. Fianza.

Logo da concesión da solicitude e antes de comezar a empregar as instalacións a agrupación debe aboar en concepto de fianza 30,00 € por compoñente do grupo. Esta fianza seralle devolta integramente (no caso de que a agrupación non fose responsable de ningún desperfecto) ó remate da temporada concedida.

Artigo VI. Obrigas do/a Solicitante.

- a) Acudir ao local de ensaio **o día e hora na que se lle autorizou:**
 - I. Respetar os horarios e salas asignadas: non se permitirá o acceso ás instalacións dos usuarios que cheguen media hora mais tarde da hora asignada.
 - II. Todos os grupos teñen a obriga de dirixirse ao persoal responsable do Departamento de Xuventude co fin de cubrir o parte de asistencia, de entradas e saídas das instalacións.
 - III. En caso de non utilización do local en catro ocasións consecutivas ou en seis trimestrais, sen xustificación, procederase á baixa automática do uso deste equipamento.
 - IV. Só poderán acceder ás instalacións as persoas autorizadas e os membros do grupo. Queda prohibido o acceso ás instalacións de persoas alleas, podéndose autorizar o seu acceso en casos puntuais, previa comunicación e autorización do Departamento de Xuventude.
- b) **Boas prácticas** das instalacións e do material
 - I. Cada representante do grupo asume a responsabilidade de comunicar ao persoal responsable, todas aquelas deficiencias que considere de interese respecto do estado da sala, limpeza, materiais, entre outros servizos para o que se facilitará un parte de incidencias.
 - II. Queda terminantemente prohibido trasladar material dunha sala a outra.
 - III. Unha vez rematado o ensaio, o local e o material debe quedar recollido para o seu uso polo seguinte grupo. Prégase extremar o coidado na manipulación do material e do cableado, quedando todo desconectado da rede eléctrica.
 - IV. No caso de producirse danos por negligencia ou mala fe, o grupo de que se trate a través do seu representante, deberá repoñer integramente o danado ou aboar o importe íntegro da súa reposición.
 - V. O Departamento de Xuventude poderá deseñar diferentes accións formativas que incidan na mellora do uso das instalacións, instrumentos e recursos técnicos cos que conta os locais. Neste caso, cada grupo terá o compromiso de designar a un representante que participará nestas accións formativas, se fose o caso.

- c) **Limpeza básica** das instalacións:
 - I. Deberanse deixar os locais nas mesmas condicións de limpeza nas que estaba á súa chegada.
 - II. Non se permite fumar, consumir bebidas alcohólicas ou comer nos espazos habilitados para o ensaio.
- d) Asistir ás xuntanzas de coordinación e de seguimento que se convoquen dende o Departamento de Xuventude, así como ás diferentes accións formativas que con carácter obrigatorio se programen
- e) Facilitar ao Departamento de Xuventude toda a información sobre o grupo, traballo realizado e calque outro dato de interese. Esta información poderá ser utilizada na difusión deste equipamento municipal
- f) Facer como mínimo unha actuación ao ano, de acordo coa programación do Departamento de Xuventude, con obxecto de promover o equipamento.
- g) Este equipamento poderá acoller aquelas iniciativas (concertos, presentacións de traballos, gravacións, encontros) que se acorden oportunamente e sempre previa autorización do Departamento de Xuventude do Concello de Monforte de Lemos.

Artigo VII. Incumprimentos

O incumprimento das obrigas establecidas neste regulamento darán lugar á perda do dereito ao uso e disfrute das instalacións e dos materiais durante un período dun ano. Sen prexuízo das responsabilidades a que dea lugar a normativa vixente.

